

RESULTADOS PLAY OFF LIGA INTERNACIONAL DE CLUBS **– TROFEO DE JUDO “CIDADE DE OURENSE”**

Ourense, 6 Novembro 2010

A 8ª edición da Liga Internacional de Clubs - Trofeo de Judo "Cidade de Ourense" finalizou o pasado sábado coa disputa dos play off finais entre o catro mellores clubs da fase regular tanto na categoría feminina como masculina. A sorpresa saltou co triunfo dun novo club na categoría masculina, o JUDO CLUB ARTEIXO que se impuxo na final ao Club Asociación Deportiva Famu acabando co refacho do club vigués que xa tiña 6 títulos, pola súa banda o Judo Club Coruña campión da fase regular tivo que conformarse co terceiro posto ao imporse ao Judo Clube Barcelos que ocupou a 4ª posición. Na categoría feminina estivo a piques de saltar a sorpresa pero ao final impúxose cun resultado moi axustado por 5ª vez o JUDO CLUB SHIAI que venceu ao Judo Club Coruña, segundo clasificado. A terceira praza obtívola o Riazor Karbo ao vencer ao Club Asociación Deportiva Famu que tivo que conformarse coa 4ª praza